

Editorial

A Formación Profesional fronte á crise, unha vía de acceso ao emprego?

Tribuna

Experiencia profesional e formación non regrada a cambio de módulos de FP.:

Entrevista a Pepa González Iglesias, directora do CIFP Valentín Paz Andrade

Escolas Abertas

Obradoiros de Emprego e Escolas Obradoiros na provincia de Pontevedra

Entrevista a José Luis Abraira Arias: “Satisfeito cun obradoiro que traballa coas persoas”

Obraquedobra

A atención á infancia. Pasiño a pasiño cara o emprego - Mesa redonda coas alumnas do OE Marín Social

Formación para tempos mellores. OE A Estrada VII

Apuntamentos

As claves para emprender un negocio: formación específica e experiencia laboral.

Edita

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección

Pedro Fírvida Diz

Equipo editorial

Andrea Pérez Saldaña

Ana Pastor Gómez

José A. Méndez Pardo

Manuel Vidal Estévez

Beatriz Rodríguez Iñarrea

Lidia Nokonoko Malvido

Yolanda Fernández Alonso

Mabi Rodríguez Míguez

Rosa Aguado López

Colaboracións neste número

Pepa González Iglesias, directora do CIFP Valentín Paz Andrade

José Luis Abreira Arias, directora de OE Monte das Flores

Alumnado e equipo directivo e docente do OE Marín Social

M^a del Carmen Vidal Paz, directora do OE A Estrada VII

Abel Álvarez García, xerente da empresa by Print

Senén Costas Hidalgo, xerente da empresa by Prin

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Vía da Hispanidade, 17 - 36203 Vigo

T 986 42 33 66 · F 986 47 14 44

e-mail: updvigo@maiv.org · www.maiv.org

Depósito Legal

VG-129-2001

Imprime

Tórculo

Landra é unha publicación que respecta a liberdade de expresión. A UPD non comparte necesariamente a opinión das persoas colaboradoras.

A Formación Profesional ante a crise, unha vía de acceso ao emprego?

Nos últimos anos, a formación profesional regrada en Galicia experimentou un considerable aumento no número de matriculacións. Na actual situación de crise económica rexurdiu como unha posible vía de acceso a un emprego cualificado para gran parte da mocidade que ven nela unha alternativa factible de formación axustada ás necesidades do mercado laboral, que lles proporciona excelentes perspectivas de futuro. A que se debe este notable aumento? Estase a dar o recoñecemento social que a formación profesional realmente merece?

A formación profesional pódese definir como o conxunto de accións formativas que favorecen o desenvolvemento de competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) necesarias para o desempeño profesional, e que son encamiñadas á inserción e actualización laboral. Durante anos, a formación profesional regrada soportou certo desprestixio social que pouco a pouco foise suavizando grazas ás continuas reformas educativas que tiveron lugar no noso país e á cambiante situación do mercado laboral, caracterizada polo fenómeno da globalización.

Os rápidos e continuos cambios tecnolóxicos e nos procesos produtivos fan que a preocupación por mellorar e modernizar a FP, para lograr unha maior vinculación cos sectores produtivos, se plasmara nas estratexias de emprego, que de forma coordinada, estanse a adoptar na

Unión Europea. Deste xeito, podemos dicir que, a formación profesional é un elemento esencial da Estratexia de Lisboa que contribúe ao emprego.

Así mesmo, esta preocupación viuse reflectida na recente lexislación aprobada polo Goberno español o pasado mes de xullo mediante Real Decreto, co obxectivo de mellorar a cualificación profesional da poboación activa. A súa finalidade é apoiar e completar as accións emprendidas polos Estados membros fomentando a mobilidade, a innovación e a calidade da formación.

A aposta por axustar os requirimentos e demandas do mercado laboral á oferta dos perfís máis necesitados, levou aos Ministerios de Educación e Traballo a xuntar esforzos e coordinar o seu labor para optimizar as competencias dos traballadores, especialmente daqueles que

carecen dunha cualificación profesional recoñecida. Isto xa se materializou na Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, de Cualificacións e da Formación Profesional, que define como referente formativo o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, ao mesmo tempo que establece unha vía de relación con outros sistemas europeos de FP

A Lei Orgánica de Cualificacións e da Formación Profesional, prevía unha regulación do procedemento que agora se fixo efectivo a nivel estatal no Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

En Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da convocatoria do pasado mes de setembro, desenvolve este procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e certificación das competencias, que se viña realizando de forma experimental dende 2006, pero a partir de agora deberá adaptarse, en consonancia co regulado a nivel estatal no Real Decreto. Nesta convocatoria experimental, 1600 traballadores e traballadoras de Galicia poderán convalidar a súa experiencia laboral por módulos de formación profesional regrada. Así, recoñécese que as competencias profesionais non só se adquiren dentro do sistema educativo, senón que hai outras formas de aprender, como é o caso da experiencia laboral ou outras vías de formación non regrada.

Faise unha clara aposta pola aprendizaxe ao longo da vida como medida para mellorar a empregabilidade da poboación traballadora. Deste xeito, dáse a oportunidade, a persoas cunha ampla experiencia laboral que non

tiñan formación académica, de acreditar as súas competencias e obter un título oficial que lles abra as portas a un mercado laboral cada vez máis competitivo.

Aquelas persoas que poidan demostrar unha experiencia de, polo menos 3 anos nunha rama laboral determinada, poderán iniciar ou finalizar os seus estudos de formación profesional regrada ou ben obter un certificado de profesionalidade. As administracións, educativa e laboral galegas, avaliarán os coñecementos e habilidades de traballadores/as que poderán obter unha acreditación oficial e convalidar a súa experiencia por parte dun ciclo formativo de FP ou un certificado de profesionalidade.

Neste novo número da Revista Landra, ademais do noso habitual espazo dedicado aos programas de Escolas Obradorio, Casas de Oficio e Obradoiros de Emprego, queremos poñer especial énfase en dirixir unha mirada plural e crítica cara á Formación Profesional regrada. Dende diferentes puntos de vista internarémonos na esencia da nova formación profesional, reflectindo as distintas opinións que os axentes sociais entrevistados ofrecen sobre os últimos cambios que se produciron na ordenación e certificación desta.

A través da entrevista á directora dun Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) e a dous alumnos emprendedores que optaron por montar o seu propio negocio, ofreceremos unha visión global da actual situación da FP e as posibles vías de inserción laboral que ten.

Dende a UPD da Mancomunidade de Vigo, queremos agradecer a colaboración a tódalas persoas que participaron e fixeron posible a publicación desta Revista.

Experiencia profesional e formación non regrada a cambio de módulos de FP

Entrevista a Pepa González Iglesias
Directora do CIFP Valentín Paz Andrade



Pepa González Iglesias
Directora do CIFP Valentín Paz Andrade

UPD: Na actual situación de crise, considera que a formación profesional está en auxe?

Pepa: Si, pero isto non é algo novidoso. Este auxe, que se observa no incremento do alumnado, é un feito que se ven producindo nos últimos tempos. Os motivos, opino, hai que buscalos na mellora na percepción que dende a sociedade se ten da Formación Profesional (FP). Tamén no cambio que supuxo a organización da FP en Ciclos Formativos e na existencia dun maior contacto coas empresas, que se consegue a través do módulo de Formación nos Centros de Traballo (FCT). E, por suposto, nunha conxuntura económica moi favorable que permitiu a inserción laboral (case que inmediata) dunha porcentaxe moi

elevada do alumnado que remataba os seus estudos de FP.

UPD: Que ciclos formativos se imparten no centro?

Pepa: No Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) Valentín Paz Andrade impártense ensinanzas de Formación Profesional correspondentes a cinco familias profesionais: Madeira, Moble e Cortiza, Fabricación Mecánica, Instalacións e Mantemento, Transporte e Mantemento de Vehículos e Hostalería e Turismo. Todas elas organizadas en Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior. Esta oferta realízase en réxime ordinario e en oferta modular para persoas adultas.

UPD: No centro formativo, experimentouse un incremento no número de matrículas con respecto aos últimos anos? Hai diferenzas cuantitativas por sexo no número de matrículas?

Pepa: No actual curso esperíntouse un incremento bastante notable nas solicitudes de admisión, fundamentalmente nos Ciclos Formativos de Grao Medio, con listaxes de espera moi considerables. Pero non se experimentou un incremento no número de alumnas e alumnos matriculados con respecto ao pasado curso, xa que o número de matrículas en cada grupo non pode ser superior aos vinte e dous, na maioría dos casos, e non se nos

permite duplicar grupos. Sen embargo, o incremento si foi notable na matrícula dos Ciclos Formativos que se ofrecen no réxime de adultos na oferta modular.

Por outra banda, neste centro a maioría do alumnado de FP. pertence ao sexo masculino. A razón é que a nosa oferta educativa corresponde a familias profesionais industriais, onde a presenza feminina aínda é moi escasa, por non dicir simbólica. A excepción a este feito témola nos ciclos formativos de Turismo, onde ocorre xustamente o contrario.

UPD: As persoas que optan por estudar un ciclo formativo por que o elixen?

Pepa: Os motivos son fundamentalmente dous: a inserción laboral e a vocación, sobre todo nas especialidades da familia de madeira e moble.

UPD: Cambiou o perfil do alumnado que estuda FP?

Pepa: Si. O perfil cambiou dende que se implantaron os ciclos formativos de FP (LOXSE); concretamente no noso centro a partir de 1998. O alumnado que chega a FP na actualidade xa acredita unha titulación académica ou ten que ter superada unha proba de acceso.

Ademais asistimos a uns procesos de admisión cada vez máis selectivos onde a demanda supera con creces á oferta. No caso do noso centro isto sucede en moitos dos

ciclos formativos que ofertamos, o que fai que o expediente académico (criterio único de acceso que se utiliza nestes momentos aos ciclos formativos) se converta en algo moi importante.

Tamén resulta moi novidoso a relación cada vez máis estreita da FP cos estudos universitarios. É frecuente atopar un maior número de alumnos e alumnas que ao rematar estudos de FP. de Grao Superior acceden á Universidade. Tamén cada vez é máis frecuente atopar alumnado con titulación universitaria (diplomaturas, e incluso, licenciaturas) realizando CF. de Grao Superior.

“ A vantaxe destas titulacións é a súa inmediatez de inserción laboral. ”

UPD: Que posibilidades de inserción laboral ten o alumnado que obtén un título de formación profesional de grao medio ou superior? Que vantaxes destacaría respecto a outras titulacións oficiais?

Pepa: As posibilidades de inserción laboral do alumnado que realizaron estudos de FP nos últimos anos foi moi elevada. Concretamente, nas ensinanzas que se ofertan nas catro familias industriais antes mencionadas, chegou

a ser nalgúns momentos do 100%; non podendo dar nalgúns casos resposta ás demandas das empresas dos sectores profesionais correspondentes.

A vantaxe destas titulacións, con respecto a outras, é a súa orientación cara ao mercado de traballo, é dicir, a súa inmediatez de inserción laboral.

UPD: Existe algún convenio con empresas que favoreza a futura inserción laboral do alumnado que finaliza os seus estudos?

Pepa: Dende o centro establécense convenios puntuais coas empresas dos sectores profesionais relacionados coa nosa oferta educativa. Inicialmente estes convenios non teñen como finalidade a inserción laboral, senón a realización da Formación nos Centros de Traballo do noso alumnado. Esta formación acaba facilitando a inserción laboral, xa que moitos dos nosos alumnos e alumnas acadan o seu primeiro traballo na empresa onde realizaron este módulo.

No centro tamén temos unha Bolsa de Traballo, da que é responsable o Coordinador de Formación en Centros de Traballo. A dita Bolsa recorren as empresas cando teñen necesidade de traballadores/as cualificados/as.

UPD: Cre que existe unha correspondencia entre as titulacións que máis saídas profesionais teñen e as máis demandas polo alumnado?

Pepa: Non sempre existe esta correspondencia. Moitas veces as titulacións con máis saídas profesionais son as que teñen menor demanda por parte do alumnado. No noso centro temos o exemplo do CF de Grao Superior de Desenvolvemento de produtos de carpintaría e moble, cunha elevada inserción laboral, e sen embargo, pouco demandado polo alumnado. Pola contra, en moitos casos, as familias profesionais máis demandadas son aquelas que teñen unha menor inserción laboral, por exemplo, imaxe e son ou administración. Esta última, quizai, s por exceso de oferta.

UPD: O pasado 1 de setembro publicouse a convocatoria para as validacións da experiencia laboral e aprendizaxes non formais por módulos de formación profesional ou certificados de profesionalidade. Que opinión ten sobre este procedemento?

Pepa: Creemos que é necesario, xa que permite aos/as traballadores/as con experiencia laboral pero sen titulación, adquirir certificacións profesionais e académicas no marco do establecido na UE. No noso centro, desde fai dous cursos académicos, estamos a desenvolver de forma experimental esta iniciativa.

Tampouco podemos esquecer que aínda estamos nun momento dun procedemento experimental, non só en Galicia, senón tamén no resto do Estado. A nosa opinión é favorable, positiva.

UPD: O prazo de inscrición finalizou o pasado 23 de outubro. Cantas solicitudes de información e/ou inscrición recibiron? Cre que a publicidade e difusión da noticia foi suficiente? O prazo foi o axeitado?

Pepa: O número de inscricións incrementouse notablemente con respecto ás convocatorias anteriores. Foron presentadas 35 solicitudes neste centro (para o CM Carrozaría) ademais das solicitudes de información que non se chegaron a materializar en inscricións. A publicidade foi maior que noutras convocatorias pero aínda é insuficiente. Entendemos que os prazos establecidos na orden non son axeitados. Son escasos, tendo en conta que os solicitantes proceden de toda a Comunidade e que teñen que aportar moita documentación.

UPD: As unidades de competencia convocadas son suficientes? Responden a unha demanda social detectada?

Pepa: As unidades de competencia convocadas veñen impostas pola Administración, e non responden a unha demanda social a este respecto. As que se recollen deben estar e, quizais, se poderían incrementar. Este é un proceso que temos que situar no marco europeo e que será necesario para os traballadores e traballadoras no futuro próximo. Considero correctas e idóneas todas as unidades



Carrozaría, no CIFP Valentín Paz Andrade, é un dos ciclos pioneiros neste procedemento

de competencia ofertadas no CM de Carrozaría; moi acreditables con experiencia laboral.

UPD: Teñen establecido un procedemento para levar a cabo cada unha das fases do proceso?

Pepa: Sí, temos a experiencia de dúas convocatorias anteriores na que recibimos a formación necesaria. Consideramos que o noso procedemento é válido e eficaz, ademais de contar cun equipo de persoas estable que facilita o proceso.

UPD: Na orde fálase dunha fase previa de información. Como se está a implementar no centro?

Pepa: A fase de información aos solicitantes é responsabilidade da Orientadora do centro, que tamén recibiu formación específica. Dispoñemos ademais de folletos informativos enviados pola Consellería de Educación, con información xeral para os solicitantes. Tamén, por suposto, temos a normativa que regula todo o procedemento.

UPD: En relación ao servizo de asesoramento, que formación recibiu o asesor para participar no procedemento?

Pepa: O asesor recibiu a mesma formación que o resto do equipo avaliador. O seu traballo consiste, basicamente, en realizar entrevistas nas que se cumprimenta unha documentación que recolle a formación e a experiencia laboral de cada candidato/a. O asesor está preparado para obter de cada persoa candidata a maior información posible.

UPD: Na fase de asesoramento, contéplase algún procedemento de información personalizado para que a persoa candidata se poida seguir formando para obter a totalidade do título oficial ou certificado de profesionalidade?

Pepa: Realízase un informe ao finalizar todo o procedemento no que se recollen os itinerarios formativos posibles para obter o título oficial. Se o candidato non continua no proceso, este informe entrégaselle ao rematar a fase de asesoramento.

UPD: A comisión de avaliación vaise encargar de avaliar as competencias das persoas candidatas, quen constitúe esta comisión? Que se entende por evidencias de competencias?

Pepa: A comisión está constituída por un Presidente, un Secretario e tres vogais. Todos son profesores que imparten docencia no CF de Grao Medio de Carrozaría (tamén o asesor). As evidencias de competencias son calquera proba que nos permita equiparar a referencia do módulo ou competencia profesional coa experiencia laboral, cursos realizados, etc.

UPD: Para avaliar as competencias profesionais das persoas candidatas, defínense varios métodos. Existen criterios para a elección dun e outro? Dispón a comisión dun plan de avaliación e unha guía de evidencias para cada unidade de competencia?

Pepa: Logo da fase de asesoramento determínase cal é o mellor método de adquisición de evidencias en función do perfil da persoa candidata e do informe do asesor. O equipo avaliador define e propón unha serie de simula-

cións que o candidato debe realizar dun proceso de traballo determinado. O método máis axeitado entendemos que sería a observación directa no posto de traballo; sen embargo, resulta moi difícil de levar á práctica. A comisión avaliadora ten definido, das convocatorias anteriores, un plan de avaliación e elaboradas guías de evidencias que comprobán a súa validez.

“ Esta experiencia permítenos un maior contacto co mundo laboral e cos traballadores e traballadoras. Permítenos coñecer mellor a realidade. ”

UPD: No caso da observación directa no posto de traballo, como se vai realizar? Que perfís teñen as persoas que avalían estas competencias?

Pepa: Ata o de agora, non realizamos observación directa no posto de traballo, principalmente, por problemas organizativos. O equipo avaliador son profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que imparten módulos e coñecen perfectamente as

unidades de competencia que van a avaliar no CF de Carrozaría.

UPD: Que dificultades están a atopar na implementación da orde?

Pepa: Atopamos dificultades nos prazos, que son demasiado escasos. Este é o principal problema ata o de agora.

UPD: Valoración global da experiencia piloto no centro educativo.

Pepa: A valoración é positiva. Entendemos que o proceso é necesario e a maneira de levalo a cabo está ben pensada e ben estruturada. A experiencia tamén permite ao centro ter un maior contacto co mundo laboral e cos traballadores e traballadoras. Permítenos coñecer mellor a realidade.

OFERTA FORMATIVA NO CIFP VALENTÍN PAZ ANDRADE	
Familia Profesional Madeira, Moble e Cortiza	C. F. Grao Medio <i>Fabricación á medida e Instalación de carpintaría e moble</i> C.F. Grao Superior <i>Desenvolvemento de produtos de carpintaría e moble</i>
Familia Profesional de Fabricación Mecánica	C. F. Grao Medio <i>Soldadura e Caldeiraría (réxime ordinario e oferta modular)</i> / C. F. Grao Superior <i>Construcións Metálicas.</i>
Familia Profesional de Instalacións e Mantemento	C. F. Grao Medio <i>Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor (réxime ordinario e oferta modular)</i> C. F. Grao Superior <i>Mantemento de instalacións térmicas.</i>
Familia Profesional de Transporte Mantemento de Vehículos	C. F. Grao Medio <i>Carrozaría</i> / C. F. de Grao Medio <i>Electromecánica de Vehículos (réxime ordinario e oferta modular)</i> C. F. Grao Superior <i>Automoción (réxime ordinario e oferta modular)</i>
Familia Profesional de Hostalería e Turismo	C. F. de Grao Superior <i>Información e Comercialización Turísticas</i> C. F. Grao Superior <i>Axencias de Viaxes.</i>



Localización das Escolas Obradoiro e
Obradoiros de Emprego da provincia
de Pontevedra

Obradoiros de Emprego e Escolas obradoiro da provincia de Pontevedra

■ E.O. CONCELLO VILAGARCIA VI

Avda. Agustín Romero, 52
36600 - Vilagarcía de Arousa
Tel 986 504 759 - Fax 986 509 221
escolaobradoiro@vilagarcia.es
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE VILAGARCIA
ESPECIALIDADES
Albanería
Carpintería
Electricidade
Fontanaría - solar - térmica
Nº DE ALUMNOS: 40
DURACIÓN: Do 01-07-08 ao 30-12-2009
DIRECTORA: Dolores Piñeiro Rey

■ E.O. VIGOZOO

Praza dos Leóns, 1 Mouta - Teis - 36316 - Vigo
Tel 986 267 783 - Fax 986 267 783
escolavigozoo@gmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE VIGO
ESPECIALIDADES
Albanería
Carpintería metálica-PVC
Xardinaría
Nº DE ALUMNOS: 30
DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-06-10
DIRECTORA: Beatriz Esteban Aguirre

■ OE MACEIRAS

Pousadouro, 101 - 36818 Redondela
Tel / Fax 986 405 076
oemaceiras@hotmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE REDONDELA
ESPECIALIDADES
Albanería
Carpintería
Traballo Forestal
Nº DE ALUMNOS: 25
DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-12-09
DIRECTORA: Purificación Ferro Varela

■ O.E PONTE DA PEDRA I

Centro Cultural, Rúa Xeral s/n
36570 Bandeira Silleda
Tel 986 58 00 00 - Fax 986 58 10 21
pf@silleda.org
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE SILLEDA
ESPECIALIDADES
Traballo forestal
Cantaría
Carpintería
Nº DE ALUMNOS: 25
DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-12-09
DIRECTOR: Ignacio Ramón Taboada Suárez

■ O.E PONTE DA TAMUXE

R/ A Mata, 32 - 36770 O Rosal
Tel / Fax 986 626 115
oepontedotamuxe@concellodorosal.es
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DO ROSAL
ESPECIALIDADES
Traballo forestal / Xardinaría
Albanería
Nº DE ALUMNOS: 25
DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-12-09
DIRECTORA: Paloma Lambas Cid

■ O.E. UNION DEL PORVENIR

Avda. Pío Troncoso, s/n- Gojan - 36750 Tomiño
Tel 986 620 361 - 986 621 420 - Fax 986 621 328
uniondelporvenir@gmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE TOMIÑO
ESPECIALIDADES
Albanería
Carpintería
Nº DE ALUMNOS: 25
DURACIÓN: Do 29-12-08 ao 28-12-09
DIRECTOR: Daniel Paz Antón

■ O.E. O ENCONTRO

Monte Racelo s/n - 36830 - Pontevedra
Tel / Fax 986 758 047
funderguete@terra.es
ENTIDADE PROMOTORA: FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN
ESPECIALIDADES
Albanaría
Fontanaría
Electricidade
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 30-06-09 ao 29-06-10
DIRECTOR: Alfonso Carlos Martínez Jiménez

■ O.E. MONTEPORREIRO II

Rúa Alemaña s/n - 36162 - Pontevedra
Tel / Fax 986 689 048
oe.monteporreiro.2@hotmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE PONTEVEDRA
ESPECIALIDADES
Dinamización Comercial
Carpintaría
Medio ambiente (Xardinaría, Traballo Forestal e Viveirista)
Nº DE ALUMNOS: 29
DURACIÓN: Do 30-06-09 ao 29-06-10
DIRECTOR: José Luis Marcheto García

■ O.E. SANTA XUSTA

Casa da Cultura A.D.R. Castelao R/3 nº 13 - Santa Lucía
Tel 986 552 809 / Fax 986 553 442
e.ssarmiento@hotmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE MORAÑA
ESPECIALIDADES
Albanaría
Carpintaría
Actividades aux. en viveiros, xardíns e centros de xardinaría
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 30-06-09 ao 29-06-10
DIRECTORA: Elena Suárez Sarmiento

■ O.E. ULIAE AQUAM

Rúa do Concello, 6 - 36612 - Catoira
Tel / Fax 986 523 363
oecatoria.direccion@gmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE CATOIRA
ESPECIALIDADES
Albanaría
Carpintaría
Xardinaría
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 30-06-09 ao 29-06-10
DIRECTORA: Ana María Santorum Ardone

■ O.E. MONTE DAS FLORES IV

Monte das Flores s/n - 36980 - O Grove
Tel 986 733 001 - 630 733 565 / Fax 986 733 001
o.emontedasfloresiv@gmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DO GROVE
ESPECIALIDADES
Auxiliar axuda a domicilio
Educación Medioambiental
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 30-06-09 ao 29-06-10
DIRECTOR: José Luis Abraira Arias

■ O.E. MARÍN SOCIAL

C/ Puente Zapal "Finca de Briz" s/n - 36900 - Marín
Tel 986 839 648 / Fax 986 839 649
oemarinsocial@hotmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE MARÍN
ESPECIALIDADES
Auxiliar axuda a domicilio
Educación Infantil
Xardinaría
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 30-06-09 ao 29-06-10
DIRECTOR: Alfonso Fernández Portas

■ O.E. COVELO NATURA SOSTIBLE AQA

Rúa Lamela (Baixo Pavillón Polideportivo) - 36212 - Covelo
Tel 986 650 184 - 638 015 428 / Fax 986 650 184
oecovelonatura@hotmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE COVELO
ESPECIALIDADES
Cantaría
Carpintaría
Traballo Forestal
Viveirismo
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 30-06-09 ao 29-06-10
DIRECTOR: Rafael Pérez Castuera

■ O.E. HOSTALARÍA DO SALNÉS II

Centro de vacacións A Lanzada - Ctra. de San Vicente de A Lanzada s/n - 36980 - O Grove
Tel / Fax 986 738 482
eohostaleriadosalnes@hotmail.com
ENTIDADE PROMOTORA: MANCOMUNIDADE DO SALNÉS
ESPECIALIDADES
Cociña
Camareiro
Restaurante-Bar
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 06-07-09 ao 05-07-10
DIRECTOR: Alberto Fuentes Iglesias

■ O.E. CAMIÑO DE SANTIAGO II

Rúa Forno, 139 - 36645 - Cordeiro - Valga
Tel / Fax 986 556 696
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE VALGA
ESPECIALIDADES
Albanaría
Carpintaría
Xardinaría
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 02-11-09 ao 01-11-10
DIRECTORA: Mª Sol Magdalena Rodríguez

■ O.E. VIGO ORNAMENTAL

Rúa Mestre Goldar, 22 - 36210 - Vigo
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE VIGO
ESPECIALIDADES
Albanaría
Carpintaría metálica e PVC
Fontanería solar térmica
Nº DE ALUMNOS: 30
DURACIÓN: Do 29-10-09 ao 29-10-10
DIRECTORA: Milagros Calviño

■ O.E. A ESTRADA VII

Figueroa de Arriba, 29 - 36680 - A Estrada
Tel / Fax 986 573 396
obradoiro@astrada.com
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DA ESTRADA
ESPECIALIDADES
Albanaría
Fontanaría - Electricidade
Carpintaría
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 01-10-09 ao 02-10-10
DIRECTORA: Mª Carmen Vidal Paz

■ O.E. LALÍN SOCIAL II

Pol. Lalín 2000 - Parc E-3 - 36500 - Lalín
Tel 986 794 134 / Fax 986 794 098
lalinsocial@terra.es
ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE LALÍN
ESPECIALIDADES
Mantemento e reparación de edificios (Albanaría)
Coidador/a de maiores dependentes
Nº DE ALUMNOS: 26
DURACIÓN: Do 09-10-09 ao 08-10-10
DIRECTORA: Elena Cuiña



José Luis Abreira Arias

Satisfeito cun obradoiro que traballa coas persoas

José Luis é o director do Obradoiro Monte das Flores IV no Grove, que este ano imparte as especialidades de servizos: Auxiliar de Axuda a Domicilio e Educación Medioambiental. Preguntámoslle polos desafíos que supón un obradoiro de servizos e polo alumnado que o conforma.

UPD- Que diferenzas e similitudes atopas entre dirixir un obradoiro de emprego de obra e un de servizos como é o caso de Monte das Flores?

José Luis: Eu creo que a diferenza fundamental entre un obradoiro “dos de sempre”, de obra, e un obradoiro de servizos como este, é que nos obradoiros de obra traballamos con materiais e aquí traballamos con persoas. Por exemplo, unha tella que quedou mal posta ou un tabique mal feito, bótase abaixo e vólvese a facer. Na obra

sempre tes ao monitor encima, pendente de se hai algo que non está ben, rectificase e non pasa nada. Pero un servizo mal realizado con persoas é moi difícil de rectificar e máis en especialidades como axuda a domicilio. É totalmente distinto. Nun obradoiro de servizos trabállase con persoas e é moi delicado.

UPD- Que pensas que levou ó promotor a decantarse por servizos e non por obra? Débese a factores económicos, quizais pola crise ou simplemente a un factor de sensibilización social ?

José Luis: Pode ser que, en determinados concellos, o eludir especialidades onde teñen que facer un desembolso forte sexa importante. No caso do Grove cónstame que non foron eses os motivos. A especialidade de axuda a domicilio, por exemplo, xa se programou nun obradoiro anterior con resultados moi satisfactorios e unha inserción bastante alta. O técnico local de emprego viu que aínda había demanda para xente formada nesta especialidade e decidiu apostar por ela.

“ Nun obradoiro de obra trabállase con materiais. Nun de servizos trabállase coas persoas. É moi delicado. ”

En canto a educación ambiental, o Grove é un concello que ten tradición nestes temas, de feito, parte do noso proxecto é desenvolver outras iniciativas que xa empezaran.

Non foi tanto por escapar ao tema económico senón porque a especialidade víase que se podía consolidar, que había posibilidades para inserir á xente tanto en educación ambiental como en axuda a domicilio. Nestes momentos no Grove non tería sentido unha especialidade

de albanelaría, por exemplo, porque aínda están os do ano pasado sen colocar.

UPD- O perfil do alumno cres que cambiou co tempo? A selección, se cadra, foi mais coidadosa?

José Luis: Creo que si cambiou. Por desgraza, estes últimos anos o paro está aumentando, e o alumnado que accede a un obradoiro procede da bolsa de desempregados, e nos atopamos con que hai xente que non consegue traballo e con todo ten unha formación cada vez máis alta. E por suposto, iso nótase nos obradoiros. Neste particularmente nótase moitísimo. Na especialidade de educación ambiental practicamente todos teñen bacharelato ou unha formación profesional (FP). Na especialidade de axuda a domicilio, que outras veces tiña ata xente que malamente lía e escribía, todos teñen a ESO e iso que non estaba condicionado. *(Nota: O itinerario formativo desta especialidade está baseado no antigo certificado de profesionalidade de aux. de axuda a domicilio)*

UPD-Á hora de aproveitar máis o obradoiro cres que ten máis importancia o nivel de estudos que se pida de entrada ou as actitudes que teñan?

José Luis: Non cabe dúbida que canto máis formada estea inicialmente a xente, máis fácil témolo nós para formar; pero independentemente diso, facilítache moito

a formación o feito de que os coñecementos sexan máis homoxéneos dende o principio. Cando se parte do mesmo nivel de coñecementos os monitores/as poden baixar un pouquiño o nivel se hai xente que se perde, ou subilo para que non se aburran.

UPD- O nivel de estudos parece especialmente importante no caso de educación ambiental, xa que a súa principal función será o de converterse en monitores/as...

José Luis: Para esta especialidade creo que si, porque os coñecementos teóricos que se lle imparten son bastante altos e moi variados. Vai dende observación de aves, pasando pola sensibilización ambiental, rutas guiadas polas praias de bandeira azul... co cal, teñen que controlar de todos eses temas. Son servizos tan dispares que a xente ten que recibir moitísima formación teórica en pouco tempo.

UPD- Neste tipo de obradoiro, resulta un maior esforzo a planificación no tempo da formación teórica antes de poñer en práctica o servizo?

José Luis: Si claro, é outra diferenza cos obradoiros de obra nos que podes ir compaxinando a formación coa obra, pero aquí para cando se empeza cada un dos servizos a xente ten que estar preparada, non se compaxina o servizo coa formación. En axuda a domicilio, por exem-

plo, o primeiro día que entran en domicilios teñen que estar perfectamente formados para poder realizar ese servizo. Se estivesen nunha obra gran parte da formación faríase na propia obra, pero aquí ten que estar a formación feita con anterioridade.

“ Hai xente no paro cunha formación cada vez máis alta. Iso nótase nos obradoiros. ”

UPD- Coa chegada dos novos certificados, na maioría dos casos, estase a pedir como requisito mínimo para acceder aos obradoiros o graduado en ESO. Que vai pasar coa xente que non ten ese nivel mínimo de estudos? E con esa parte da formación que vai orientada á obtención do graduado en ESO?

José Luis: Eu, de partida, penso que esixir uns requisitos mínimos de formación é necesario porque cos novos certificados a carga teórica aumenta bastante e para poder facer fronte a esta carga teórica cómpre unha formación inicial mínima.

Por outra banda, haberá xente que non teña formación e que quede desprazado deses módulos e xa non poida acceder a eles. Haberá que buscar outras solucións para re-

“ O bo que teñen os grupos mixtos é que tanto eles como elas comprenden que non existen especialidades para mozos e especialidades para mozas. En todas teñen cabida todos. ”

solver estes problemas. En canto á formación complementaria, imaxino que terán que adaptala e que xa non fose común a todas as especialidades, tería que ser un pouco unha formación adecuada a cada especialidade.

UPD- Hai diferenzas significativas entre o número de homes e de mulleres do obradoiro?

José Luis: Hai moitísima diferenza. Temos 26 alumnos, trece en cada especialidade. En auxiliar de axuda a domicilio temos trece mozas e en educación ambiental temos outros trece, doce mozas e un mozo.

UPD- E a que cres que se deben esas diferenzas? Por que cres que axuda a domicilio está configurada unicamente por mulleres?

José Luis: A verdade é que estiven indagando sobre ese tema xa outras veces, porque me chamaba a atención. Eu non creo que haxa traballos para homes e traballos para mulleres. Lembro que en case todos os proxectos onde tiñamos homes e mulleres, sobre todo albanelería, ao rematar o proxecto a xente máis preparada nesa es-

pecialidade non eran homes, eran mulleres e xa non só máis preparadas teoricamente, senón na práctica.

Pero, en axuda a domicilio sempre tivemos unicamente mulleres. Con algún que outro compañeiro co que puiden contactar tamén tivo só mozas, cando esta especialidade valería para mozos tamén. De feito, en anos anteriores que a impartimos, chamáronnos algunhas empresas preguntándonos por mozos.

A que se debe que só haxa mozas? Polo que puiden pescudar, é porque normalmente son eles os que se negan a aceptar esta especialidade. Creo que é cousa da educación. En xente dunha determinada idade, en determinados pobos séguense vendo as cousas así, a albanelería ou a gandería é para homes, e a axuda a domicilio para mulleres. Pero, en moitos proxectos, ao finalizar, os máis sorprendidos son os propios homes que che contan: “Eu nunca crin que esta muller fose capaz...”. E non é que llo conte ninguén, é que o viven.

É o bo que teñen os grupos mixtos, que tanto eles como elas comprenden que non existen especialidades para mozos e especialidades para mozas. En todas teñen cabida todos.

UPD- No ámbito laboral, que saídas profesionais ten o alumnado que termina unha destas especialidades de servizos en comparación coas de obra?

José Luis: Máis que comparar especialidades, case habería que comparar zonas, porque hai especialidades que poden ter moita saída nunha determinada zona e noutra non. No caso do Grove coas dúas especialidades que temos, se viu que teñen tirón, que hai demanda. Falando de axuda a domicilio, as empresas seguen chamando ao axente de emprego e desenvolvemento local para interesarse por persoas formadas nesa especialidade. Entón crese que se vai a conseguir unha boa inserción.

A outra especialidade de educación ambiental, é a primeira vez que se programa, pero o que si ten é un tecido empresarial de turismo que se move ao longo de todo o ano, sobre todo no verán, e onde se podería absorber parte do persoal que estamos formando.

Ademais, o Concello está interesado en que haxa xente que siga desenvolvendo o labor que iniciamos este ano, por exemplo, nas praias, as visitas cos turistas, etc. E hai bastantes posibilidades de que entre dous ou tres alumnas monten unha pequena empresa de servizos e continúen traballando.

UPD- E como ves a motivación do alumnado?

José Luis: A motivación do alumnado este ano é espectacular. Nós ao principio do obradoiro adoitamos facer

unhas pequenas enquisas para ir tanteando á xente e saber especialmente que é o que lles motiva. En moitas ocasións o primeiro que sae é o salario. Aquí tamén saíu, pero, sobre todo motívalles moitísimo a obtención dun certificado, e tamén que coa formación que reciben poidan acceder con máis facilidade a un posto de traballo. Os de axuda a domicilio tamén valoran poder axudar aos demais. E outro dos factores que puntúan bastante, sobre todo as mozas, é o horario, porque lles permite compatibilizar a formación coa atención aos seus fillos. Este ano tal vez sexa o obradoiro onde o grupo de alumnos/as está máis contento coa súa especialidade, non hai problemas nunca con eles, ao revés, poñen todos da súa parte, esméranse... canto máis fan, máis queren.

A atención á infancia. Pasiño a pasiño cara ó emprego.

Mesa redonda coas alumnas da especialidade de nova creación adicada á atención dos máis pequenos do O E Marín Social sobre as súas expectativas iniciais de emprego e a súa visión de futuro.



As alumnas na súa aula de traballo no Obradoiro de Emprego Marín Social

UPD: Cales eran as vosas expectativas ao comezar o obradoiro de emprego?

Alumnas: Esperamos poder ter vistas a un traballo cando remate. Aprender un montón, moito e de todo. Pasalo ben, sobre todo se che gustan os nenos, ter unha oportunidade para traballar e de estar con nenos. É unha boa opción para un posible traballo futuro.

UPD: Por que elixistes esta especialidade?

Alumnas: A maioría de nós, ao cubrir a solicitude de demanda, elixímolos como primeira opción porque nos gusta

moito o trato con nenos, que é ben agradecido. Pero, realmente, cando fixemos a entrevista podíamos optar a calquera das tres especialidades do obradoiro.

**UPD: Que labores estades desenvolvendo?
Credes que é necesario este servizo?**

Alumnas: Estamos a traballar no “Programa Madruga”, que consiste en axudar ás familias con menores cando ámbolos pais traballan e teñen que levalos cedo ao colexio. Desenvólvese dende as 7:30h da mañá, dáselles o almorzo e acompañaselles ata as aulas. De momento estamos todas desenvolvendo este programa no Colexio da Laxe e esperamos que proximamente se incorpore tamén este servizo ao Colexio de Seixo. Só tratamos con nenos e non coas nais e pais, e as dificultades que atopamos son a nivel de medios. Como o obradoiro é novo, as cousas se fan sobre a marcha e dependemos de que preparen os centros e as instalacións para poder comezar.

“ Traballar con nenos é
moi gratificante ”

Tamén impartimos actividades extraescolares de educación vial en catro colexios a nenas e nenos de idades comprendidas entre os tres e os nove anos. Para facer actividades, se son grupos moi grandes, dividímolos por idades. No período de vacacións realizamos actividades

na Finca Briz, obradoiros de auga, de reciclaxe en Mogor e na “Carpa” da Alameda. No Nadal faremos teatro, obradoiros, animación... e no segundo semestre iremos á gardaría para facer prácticas con nenos de cero a tres anos.

UPD: Que estudos regulados tedes? Considerades que esta formación de partida é necesaria para aproveitar os contidos do obradoiro de emprego?

Alumnas: Os requisitos mínimos de entrada que solicitaban eran o graduado en ESO, 2º BUP o un FPI do antigo plan de estudos. Non cremos que sexa necesario ese requisito para entrar a formar parte dun obradoiro e para seguir a formación teórica que se imparte. Quizais si un mínimo, como pode ser a ESO, pero non superior, hai xente moi cualificada que ao mellor non ten estudos e vale para isto. Outra cousa sería pensar no tipo de certificado que che van a dar ao finalizar o obradoiro e que a xente tivera de partida a formación adecuada.

UPD: A formación teórica e práctica, credes que é a adecuada? A práctica realizada axústase aos contidos teóricos impartidos?

Alumnas: Temos un temario similar ao da FP de Educación Infantil e debemos valorar se para ser coidadoras infantís realmente son necesarios todos estes contidos. O

temario é moi completo, ata agora vimos temas de nutrición, atención á infancia, desenvolvemento socio-afectivo, psicomotricidade... É verdade que cando es nai, resulta máis doado aplicar temas relacionados coa alimentación do bebé, o proceso de crecemento do neno, etc. Como nais (cinco das nove alumnas son nais) aplicamos a teoría ao noso quefacer diario.

UPD: Credes que a formación se axusta aos requisitos da profesión?

Alumnas: Si, a formación recibida é moi completa e ademais temos a posibilidade de aplicar estes coñecementos teóricos na práctica. Na actualidade, por exemplo, o tema da alimentación e nutrición levámolo a cabo co Pro-

grama Madruga no Colexio da Laxe. Pero aínda falta moito temario por dar e non podemos valorar máis.

UPD: A porcentaxe de mulleres nesta especialidade é do 100%. Credes que existen factores que inflúen na elección de profesións tradicionalmente desempeñadas por mulleres?

Alumnas: A verdade é que esta situación, na que todas somos mulleres, pasa nas tres especialidades do obradoiro. Neste caso en concreto, e como especialidade innovadora, non sabemos a qué se debe, porque na fase de entrevista do proceso de selección si había homes. Podería ser que noutros obradoiros houbera homes e que non funcionara ben ou, que na propia selección do alum-



A aula onde as alumnas reciben a súa formación na Finca Briz, unha fermosa contorna natural

nado para esta nova especialidade se enfocara máis cara ás mulleres.

UPD: Credes que as mulleres achegan algún valor engadido neste tipo de traballo en relación cos homes?

Alumnas: Non, podería haber homes perfectamente para exercer esta profesión. É indiferente o sexo, un home pode desempeñar a mesma función que unha muller. Non por ser muller implica que ti sexas máis idónea para desenvolver este tipo de traballo. Si é polo sentido de ser nai, non o cremos porque tamén el pode ser pai e hoxe en día ámbolos dous fanse cargo por igual dos menores. Depende do carácter da persoa. Pódese deber a que a sociedade demanda máis a mulleres que a homes, á propia educación... existen verdadeiros prexuízos cara ós homes á hora de traballar con nenos. *(De tódalas integrantes só unha alumna formárase en temas relacionados coa especialidade antes de entrar no obradoiro)*. Hoxe en día, non cremos que un home teña máis problemas para traballar no sector que unha muller, sobre todo en temas relacionados coa animación.

UPD: Que vantaxes credes que teñen este tipo de programas de formación mixta respecto a outro tipo de formación?

Alumnas: Coñecemos os cursos do FIP. As vantaxes dun obradoiro de emprego respecto a esta outra formación, están no salario e que as prácticas realízanse simultaneamente coa formación. A formación pode ser boa en ambos lados, pero ao final o que conta é a titulación coa que saes, e iso depende das horas de formación recibidas. Como vantaxes poderíamos destacar: o estar contratada, o recibir unha formación teórica e práctica ao mesmo tempo, a duración, o maior contido teórico, etc.

“ Existen verdadeiros prexuízos cara ós homes á hora de traballar con nenos. ”

UPD: Coñeces cal é a finalidade ou obxectivo dos programas de obradoiros de emprego?

Alumnas: Non sabemos moi ben o que era un obradoiro de emprego. Suponse que é para que cando remates teñas unha oportunidade na vida laboral. É formarte para poder ter una saída profesional. Cremos que non recibimos moita información antes de entrar no obradoiro porque o propio nome de “Obradoiro de Emprego”, parece que ten a intención de que, unha vez que comezas a traballar nel, estanche a preparar para cubrir unha de-

manda da entidade promotora. Por exemplo, se o concello necesita coidadoras infantís (xardineiras, servizo de axuda a domicilio...) cubriría esa praza coa xente do propio obradoiro. Agora sabemos que non sempre é así.

UPD: Coñecedes as saídas profesionais que ten a formación nesta especialidade?

Alumnas: Si. Aínda que a formación recibida está baseada no programa que se da na FP de Educación Infantil, sabemos que a titulación non vai a ser a mesma. En principio, o nome debería de ser o de menos porque, ademais de que o programa de formación é moi completo, traballamos con nenos de ata nove anos e a nosa formación vai a ser máis ampla.

UPD: Que saídas laborais credes que tedes?

Alumnas: Como saída profesional coñecemos as de monitora de tempo libre, actividades extraescolares, ludotecas, animación en bibliotecas, animación socio-cultural... porque nas garderías non te van a contratar, salvo que sexa nos comedores ou para dar almorzos.

UPD: Na actual situación de crise económica, formuládesvos a idea do autoemprego?

Alumnas: Primeiro temos que formarnos máis facendo máis cursos relacionados coa especialidade. É importante ter constancia e perseveranza na busca de emprego. Valoramos a idea de poñer en marcha unha cooperativa pero é moi difícil arrancar dende o principio e agora mesmo non podemos depender dun autoemprego se non temos un respaldo económico detrás.

UPD: Coñecedes algunha axuda ou servizo que vos asesore para poder crear unha empresa?

Alumnas: Non coñecemos demasiado dos apoios ou axudas para mulleres ou novas emprendedoras, pero imaxinamos que si existen. *(Nota: Infórmaselles de que terán formación complementaria relacionada coa orientación empresarial e sobre o SAE, Servizo de Asesoramento a Emprendedoras da Mancomunidade de Vigo)*

UPD: A formación complementaria na busca activa de emprego (BAE) e orientación laboral, resultavos útil para atopar traballo? Que pasos daríades?

Alumnas: Dentro da formación complementaria estamos a tratar os módulos de prevención de riscos, igualdade ou de orientación laboral, como é o caso, que xa vimos a modo introdutorio e nos axuda á busca activa de emprego. Os pasos a seguir para conseguir traballo serían: anotarse no INEM, saber onde tes que informarte, coñe-

cer as saídas laborais, cursos que podes facer, buscar ofertas nos xornais, así como, recibir información que te axude a inserirte no mundo laboral. Tamén é importante enviar curriculums e ter moita sorte.

UPD: Aparte dos coñecementos en materia de educación infantil, que vos achega o obradoiro a nivel persoal?

Alumnas: Sobre todo desinhibirnos, perder a vergoña, o compañeirismo, coñecer a xente, o bo ambiente de grupo... É moi positivo, recomendaríámosllo a outras persoas porque aprendes moitísimo, aínda que tamén nos achega moito estrés, porque tes que resolver moitas cousas sobre a marcha... pero aprendes a improvisar e a desenvolverte rapidamente. Vemos que valemos.

Mal de todo non o debemos de estar facendo porque os nenos nos seguen apreciando, saúdannos pola rúa, acórdanse de ti cando non vas, bótanche piropos, chámanche profe... e sobre todo, que queren volver. Traballar con nenos é moi gratificante.

UPD: Cedes que esta experiencia de aprendizaxe se corresponde coas características do mercado de traballo? A formación do obradoiro preparávos para o mundo laboral?

Alumnas: En canto a horarios pode que si sexa parecido, porque neste obradoiro traballamos nun horario partido (dous días á semana, de mañá e tarde), temos que axus-

tarnos aos horarios dos nenos para desenvolver as actividades extraescolares. En canto ao salario, sabemos que a realidade laboral é ben distinta, pois non cremos que a remuneración no mercado real se asemelle aos salarios do obradoiro. Aprendes a traballar en grupo, é necesario un bo equipo para sacar adiante estes proxectos, e as comodidades do traballo que temos aquí tampouco son as reais (a ratio de alumnado por monitora en infantil é de 13/1 e no obradoiro é de 3/1)... pero o temos asumido.

“ É moi positivo.

Aprendes a improvisar e a desenvolverte rapidamente. Vemos que valemos. ”

UPD: Cando finalicedes o obradoiro, que medidas ou accións ides tomar para encontrar traballo?

Alumnas: Practicamente todas nós tivemos experiencia anteriormente no traballo con menores, en garderías, dando clases, coma monitoras de autobús, coidadoras, etc. Algunhas descubrimos esta vocación co obradoiro de emprego e agora estamos encantadas polo que buscaremos traballo nesta área.

UPD: Coñeces que outras alternativas formativas tedes?

Alumnas: Si, coñecemos a existencia de congresos, obradoiros, xornadas encamiñadas a achegar máis formación para unha mellor valoración da nosa especialidade vinculada coa infancia. Na actualidade estamos facendo cursos de fin de semana, vamos a ir a Madrid ao Congreso Internacional de Educación Infantil, e a Ordes a facer un obradoiro sobre a infancia. Sabemos que canta máis formación teñamos sobre esta especialidade, mellor valoradas estaremos á hora da busca de traballo. En principio, ningunha de nós pensamos en facer a FP en Educación Infantil porque hai que ter tempo e os horarios son incompatibles co traballo. E claro, non podemos deixar de traballar para estudar.

UPD: Saíu unha nova Orde na que se vai homologar a experiencia profesional por créditos para realizar a FP e poder obter un título oficial de ensinanza regulada...

Alumnas: Si, sabemos que é de modo experimental e que se trata de convalidar a experiencia profesional por materias de FP, pero nesta especialidade (de servizos) aínda non saíu nada. Non nolo formulamos porque na actualidade non é compatible coa vida persoal que temos, é prioritario traballar que estudar.

UPD: Valoración xeral da experiencia, como definirías nunha palabra a túa experiencia no obradoiro de emprego?

Alumnas: Oportunidade. Experiencia. Aprendizaxe. Diversión. Valorar. Emoción. Satisfacción. Convivencia. Positivo.

Formación para tempos mellores

M^a del Carmen Vidal Paz

Directora do Obradoiro de Emprego A Estrada VII

“Penso que a comunicación positiva reverte nun aumento do sentimento de eficacia e eficiencia acadando maior responsabilidade, implicación no proxecto, autonomía e grande motivación.”

A Estrada a 1 de outubro de 2009 comeza, promovido polo Concello da Estrada e subvencionado pola Consellería de traballo e benestar, o Obradoiro de Emprego a Estrada VII. Son tempos difíciles, de crise económica, nos que as listas de parados na oficina de emprego son cada días máis longas, e nos que centos de persoas esperaban ansiosas poder participar no proxecto. Rematada a selección dos 26 alumnos, van ser un 85% mulleres, todos maiores de 25 anos e de procedencia da comarca, que recibirán unha formación teórico-práctica de xeito simultáneo a un proxecto de obra real. Iremos formar albañeiris, carpinteiros e electricistas-fontaneiros, sendo o número de alumnos por especialidades 9, 9 e 8 respectivamente.



Os primeiros días fórmanse en prevención de riscos laborais, xa que hai que concienciar ao alumnado da importancia de previr, e isto vai ser unha constante durante todo un ano que temos por diante. O técnico en preven-

ción de riscos laborais, arquitecto, coordinadora de seguridade, docentes e dirección facemos un labor conxunto e diario facilitando, concienciando e informando das medidas de seguridade e saúde no traballo.

Por outra banda no Obradoiro impartimos unha formación de técnicas instrumentais básicas e preparación para a obtención do título de graduado en ESO para as persoas que non acadasen a titulación, ou que teñan dificultades de expresión, escritura, redacción e matemáticas básicas. Ademais do anteriormente citado, impartimos módulos de sensibilización medioambiental, sensibilización en igualdade de xénero e alfabetización informática. Paralelamente xa desde a primeira semana unha técnica do concello ensina orientación laboral enfocándoa á formación e implicación en técnicas de busca de emprego. Tentamos de inculcar o hábito, de que, rematada a formación no oficio, non nos imos quedar na casa, imos facer da busca de emprego un traballo e así conseguiremos o obxectivo deste proxecto.



Percíbese o interese que mostra o alumnado, xa que todos queren aprender o seu oficio canto antes. As horas



pásanse e xa van practicar o que aprenderon nas aulas e nos talleres coa primeira obra. Os módulos de albanería e instalacións traballan na rehabilitación da escola de Lagartóns, mentres os carpinteiros no taller do obradoiro realizan o mobiliario que vestirá a escola. Coa implicación do equipo Directivo e Docente e de todo o alumnado, todos os traballos que realicemos serán de grande calidade, non podendo ser doutro xeito. O proxecto do Obradoiro integra a rehabilitación de tres antigas Escolas Unitarias: Lagartóns, Toedo e Santa Cristina de Veá. Estas forman parte da zona rural do concello, son construcións que unha vez rehabilitadas serán centros cívicos para os

veciños. Pretendemos que o obradoiro de emprego sexa tamén un axente dinamizador sociocultural.

Tamén, pensando no aforro enerxético e nas enerxías alternativas, e tendo en conta as posibilidade de inserción laboral neste sector, hai que falar do proxecto de paneis solares, do que, ata o momento, só estamos empezando a traballar cos planos e ensinando os principios e bases deste traballo tan innovador no que amosa tanto interese o alumnado de instalacións, xa que todos o ven como algo moi complexo e inalcanzable, pero chegará o día en que sexa unha realidade. A instalación dos paneis solares dotará ó campo de fútbol de auga quente que levará un apoio para aqueles días nos que a enerxía solar non sexa suficiente.



Aínda así, máis alá do propio proxecto en si e da finalidade da inserción laboral, facemos fincapé sobre todo nas relación humanas que nel se dan, xa que é unha oportunidade para descubrir amizade no ámbito de traballo. Porén parece de vital importancia fomentar a axuda desinteresada ao compañeiro no ámbito de traballo, o coi-

dato nas formas con el, o sentimento de pertenza ao grupo, xa que isto redonda nun mellor clima laboral, maior produtividade, responsabilidade e maior satisfacción; Co cal o alumnado decátase de que o resultado do traballo conxunto é máis gratificante que a suma das individualidades de cada un.

Penso que a comunicación positiva reverte nun aumento do sentimento de eficacia e eficiencia acadando maior responsabilidade, implicación no proxecto, autonomía e grande motivación. O traballo na regulación pausada dos conflitos, o diálogo, a negociación, contribuír á superación dos prexuízos é a miña maneira de ver o proxecto e de implicarme con el dende o comezo ata o final.

As claves para emprender un negocio: formación específica e experiencia laboral

Abel Álvarez García /Senén Costas Hidalgo
Xerentes da empresa “by Print”



Abel Álvarez García e Senén Costas Hidalgo na súa empresa na rúa Barcelona, Vigo.

Abel e Senén son dous emprendedores formados na FP que decidiron porse á fronte de “by Print”, unha empresa de impresión dixital situada na rúa Barcelona, en Vigo. Preguntámoslles a súa opinión sobre a utilidade deste tipo de formación á hora de emprender iniciativas empresariais, e sobre os retos que afrontaron para levar a cabo o seu propio proxecto.

UPD: Como xurdiu a creación da vosa empresa?

Abel: Realmente foi unha oportunidade, tanto Senén coma eu xa tiñamos a idea de montarnos pola nosa conta cando estabamos como asalariados, e deuse a casualidade de que o noso xefe quería vender a empresa e decidímonos a comprala.

Senén: A arte gráfica en Galicia está bastante mal, non sei se hai unha sobre-explotación ou unha mala explotación debido a que historicamente a imprenta foi de sempre unha empresa familiar que se transmitía de pais a fillos. En moitos casos, non tiñan moita formación no tema de xestión de empresas e quizais, a forma de traballar non foi todo o profesional que debería. Afortunadamente, isto pouco a pouco, vai cambiando e vamos avanzando.

Pareceunos unha oportunidade única de tratar de vivir un pouco mellor ou de facer que o teu traballo sexa un pouco máis agradecido.

UPD: Que servizos ofreceades?

Todo o tema relacionado co deseño, impresión e publicidade. Realmente dentro do sector, onde máis carga de traballo temos é en temas relacionados coa impresión e a publicidade. A imprenta dixital caracterízase, fundamentalmente, pola dispoñibilidade case inmediata dos impresos e a súa cantidade, coa posibilidade de facer tiradas curtas e a variabilidade da impresión dentro dunha mesma peza, cousa que non se podía facer na impresión

“offset”. (Proceso que consiste en aplicar unha tinta, xeralmente oleosa, sobre una prancha metálica. O deseño transfírese da prancha de impresión ao rolo de goma, antes de producir a impresión sobre o papel).

UPD: Credes que os servizos ofertados na vosa empresa se poden considerar unha iniciativa empresarial innovadora?

Abel: Foi novidoso a apertura da imprenta dixital porque na cidade non había unha empresa dedicada exclusivamente a este tipo de impresión. É unha boa oportunidade para que as pequenas empresas non teñan que facer grandes tiradas e con prazos de entregas moi rápidos, pois non require tempo de secado ou arrefriamento ao non traballar con tintas. Estamos a falar de 24 horas de prazo de entrega.

Senén: Creo recordar que, se non foi das primeiras empresas que se instauraron coma tal, si foi das primeiras enfocadas a ese tipo de mercado determinado.

UPD: Que formación tedes?

Abel: Estudei o ciclo superior de FP en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas e distintos cursos específicos relacionados co sector.

Senén: No meu caso, estudei especialista en Informática de Xestión (FP) e formación regrada no campo do deseño gráfico e publicidade.

UPD: Como valorades a formación profesional regrada recibida? Que mellorariades?

Abel: A miña valoración persoal é boa. Creo que chegamos ao mundo laboral un pouco precario, non accedes a un posto de traballo e te desenvolves cunha certa naturalidade. Creo que se debería facer máis práctica, aínda que non fora en empresas, pero si un maior enfoque máis práctico das materias. Na miña formación tiñamos o módulo de FCT (Formación no Centro de Traballo), e realmente é onde máis se aprende porque podes poñer na práctica todo o aprendido. Hoxe en día o máis relevante na FP é facer prácticas a nivel de empresa, xa que antes non había a posibilidade nin oferta no propio centro.

“ Cara a unha saída laboral estás mellor formado nunha FP. ”

Senén: No meu caso, non sei se podo ser moi obxectivo na resposta, porque realicei os estudos de FP fai moitos anos, co plan anterior á LOXSE e de uns anos para aquí cambiou radicalmente. Do que eu estudei ou de como se enfocaba a FP de antano, creo que cambiou moito, e para ben. Os mellores recordos que teño, de lonxe, son da época de estudante de FP, tanto por parte do profesorado coma dos compañeiros. O que boto de menos é que por aquel entón non había posibilidade de contar con

empresas que permitiran dar o primeiro paso cara á inserción laboral, que é o máis duro. No meu caso, non existía a formación no traballo e tratar de facilitar ese cambio foi o que máis botei en falta.

UPD: A formación recibida facilitouvos a vosa inserción laboral?

Claro que nos facilitou as cousas, por suposto. Quizais non foi determinante, porque a fin de contas o posto gáñalo traballando. Dáche a posibilidade de ir a unha entrevista ou que poidas ser máis competitivo á hora de optar a un emprego con certas garantías.

UPD: Tedes formación en iniciativas empresariais ou formación similar?

Aparte da que nos dá a vida... (*risas*), ata o de agora, non. Todo o que nos move é a nosa experiencia laboral. Neste último ano adquirímolos a base de labazadas.

UPD: Que orientación laboral recibistes durante a vosa formación profesional?

Abel: No meu caso, non houbo moita labor de información do servizo de orientación laboral.

Senén: Creo recordar que se fixera un test cunha serie de preguntas que se contestaban en función das túas preferencias, pero, ou non estaban ben formuladas, ou non as contestei ben, porque en ningún momento saíu que a miña rama podería ser a creativa ou a impresión. O

mundo que descubrín máis adiante, que me fascinou e onde me quedei, e que nada ten que ver coa xestión en si, aínda que teñamos que facela.

UPD: Coa vosa experiencia profesional e formación, que vos parece a iniciativa que se está a desenvolver nestes momentos sobre a validación da experiencia laboral por materias de FP?

Non tiñamos constancia desa iniciativa. Parécenos, a priori, que é un acerto. Hai certas ramas no que si se necesita ter coñecementos teóricos pero hai outras nas que é máis doado valorar esa formación con prácticas.

UPD: Cedes que a FP, realmente, evolucionou respecto a imaxe que tiña antano?

Senén: Eu creo que si que cambiou. A xente que coñecemos non creo que teña esa forma de pensar. A expresión: "(...) estuda formación profesional o que non serve para estudar ou o que non vale" iso é un mito urbano que xa está, na miña opinión, no recordo.

Abel: No meu caso en concreto, pensei en facer unha carreira pero me decantei por facer un ciclo. Cada un mira por si, o que lle sexa máis útil ou mellor. A FP é unha formación, dende o meu punto de vista, máis específica e dedicado a un tipo de campo. Nunha carreira tes máis contidos pero cara a unha saída laboral estás mellor formado nunha FP. Se tivera que contratar a alguén, creo

que escollería entre persoas que cursaron unha FP, sobre todo neste sector.

Senén: Non me quero pronunciar nin a favor nin en contra, pero eu deixei a carreira e optei pola FP. Buscaba que me interesase o que me estaban a ensinar, buscaba a razón de porque tiña que aprender aquilo, e sobre todo, buscaba unha utilidade a curto e medio prazo que é a que me deu a formación profesional.

Creo que nun curriculum, hoxe en día, pesa máis a experiencia laboral e a bagaxe persoal que a propia formación.

“ A expresión “*Estuda formación profesional o que non vale*” é un mito urbano que xa está no recordo. ”

UPD: Cal é a vosa traxectoria profesional?

Senén: Eu comecei na prensa en Ourense, pasando por distintas axencias de publicidade, e de aí a diferentes empresas de artes gráficas tradicionais en Vigo, e percateime de que aquilo era o que realmente me gustaba... a máquina, os fotolitos, as pranchas, as tintas... iso é algo que me fascinou, e intentar dar o paso da impresión

tradicional á impresión dixital... na que levo traballando profesionalmente dende hai catorce anos.

Abel: A miña traxectoria é máis curta (*é o máis novo*), e tiven a sorte de que o primeiro traballo que tiven relacionado coa miña profesión foi aquí en By Print, xa fai seis anos.

UPD: Cales foron as vosas motivacións para emprender un negocio?

Senén: Dalgunha maneira ámbolos dous viñamos formulando a idea de facer outra cousa, ademais de traballar aquí como asalariados, por exemplo, coma “freelance” (*traballador por conta propia*) e xurdiu a posibilidade do traspaso deste negocio, que aínda que foi nunha mala época, aventurámonos, e aquí estamos.

Abel: Aparte da oportunidade que se nos deu aquí, eu, ademais, traballaba no meu tempo libre, e vimos a posibilidade de montarnos pola nosa conta. O sector, a nivel de asalariado, está bastante desvalorizado.



UPD: Recibistes asesoramento por parte dalgún servizo a emprendedores?

Senén: Sen dúbida o mellor posible, dende o principio contamos co asesoramento da Mancomunidade de Vigo,

estivo sempre da nosa man e ao noso carón sempre que o necesitamos. A verdade é que se estamos aquí, nun caso tan complicado para nós como era o paso da parte técnica á parte administrativa, é grazas á Mancomunidade.

Abel: De tódolos sitios aos que recorremos, a entidade que máis información nos achegou foi a Mancomunidade, sobre todo información clave de cómo facer o traspaso. A maior dificultade coa que nos atopamos foi recoller toda a información global sobre o tema. A parte negativa é a excesiva burocracia a desinformación e a perda de tempo, sobre todo cando xa está en funcionamento.

UPD: Cal credes que é o perfil da persoa emprendedora que obtén unha titulación de FP de grao medio ou superior?

Abel: Ten que ter iniciativa e depender dun mesmo.

Senén: Creo que máis que as cualidades dunha persoa son as circunstancias desa persoa que te empurran a tomar esa determinación. Ter ousadía.

UPD: Que consellos darías a unha persoa que está a pensar en montar unha empresa?

Abel: Dentro da pouca experiencia que teño, o mellor consello que podo dar é: “para diante”, ter iniciativa. A persoa ten que intentalo. Ben é certo, que non é o mesmo ser emprendedor/a comezando dende cero que formar parte dunha empresa que xa está rodando.

Senén: Ter valor e paciencia... e, chamar á Mancomunidade.

“ Para que a formación non quede obsoleta, hai que estar continuamente aprendendo. ”

UPD: Como inflúen os avances tecnolóxicos na vosa actividade profesional?

É complicado, porque na arte gráfica calquera inversión que fagas tanto na maquinaria, que é a que se queda máis obsoleta, como no software é tremendamente cara. Os avances tecnolóxicos van máis encamiñados a un aumento na produción que a tratar de reducir custos. Tendo

a maquinaria adecuada reduces tempo e custos considerablemente e, as inversións para reducir eses custos, son moi fortes.

UPD: En función dos cambios, que importancia credes que ten a formación para os traballadores/as en activo?

Abel: Para que a formación non se quede obsoleta, hai que autoformarse e facer cursos. Estar continuamente aprendendo e estar en contacto con outras empresas do sector.

Senén: A diferenza do que a xente cre, inflúen tantos parámetros e tantas variables no resultado final partindo dos mesmos ingredientes que é importante ter unha formación básica e fundamentalmente unha experiencia.

UPD: Que expectativas tedes de futuro?

Tratar de capear o temporal o mellor que poidamos e estar aquí cando todo volva á normalidade. A partir de aí, e xa que nos montamos pola nosa conta, vivir mellor que cando estabamos como asalariados. A xente xa non inviste tanto en publicidade, cousa que nós vemos coma un erro. Hai que publicitarse, que che vamos a comentar, é o noso negocio.

